

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	MONFORTE DE LEMOS
Edificio	Capela de San Mamede
Dirección	Lugar de San Mamede, Fiolleda. 27418
	42.601365 -7.560021
Protección	
Descrición	<p>Pequena capela situada no núcleo de San Mamede, fronte a fachada principal da coñecida como Casa do Fidalgo e preto da Casa de Supereiro. Ten cuberta a dúas augas en lousa e muros de cachotaría de pedra vista agás na fachada principal que está revocada con morteiro de cal. Ten unha pequena espadana dun só van construída con cemento. Nos muros vense pezas de cantería con gravados de cruces, vexetais e animais, ademais doutros símbolos pouco claros. Tamén se ve gravada a data de 1886 que algúns consideran como o ano de construción da ermida aínda que chama a atención que, ao contrario que os símbolos citados máis arriba, esta atópase menos marcada polo que puído ser escrita con posterioridade. No interior ten esculturas dos séculos XVII e XVIII de San Mamede e a Virxe do Rosario.</p> <p>Dise que antigamente a capela, baixo a advocación do mesmo santo, atopábase fóra do núcleo.</p>
Campás	1 campá.
Fotos	2
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	Moi deteriorada.
Propostas	
Autores da documentación	MOURE, Xabier & TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
Data	15-07-2025

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	<u>Única.</u>	<u>DE LA SOTA LÓPEZ, JUAN MARÍA</u>	1887	40	37

Información completa: [Capela de San Mamede - MONFORTE DE LEMOS \(GALICIA\)](#)